

Rodríguez Galdo, María Xosé

Article

Demografía, condicións de vida e benestar: Notas para un debate

Atlantic Review of Economics (ARoEc)

Provided in Cooperation with:

Economists Association of A Coruña

Suggested Citation: Rodríguez Galdo, María Xosé (2023) : Demografía, condicións de vida e benestar: Notas para un debate, Atlantic Review of Economics (ARoEc), ISSN 2174-3835, Colegio de Economistas de A Coruña, A Coruña, Vol. 6, Iss. 1, pp. 1-10

This Version is available at:

<https://hdl.handle.net/10419/312980>

Standard-Nutzungsbedingungen:

Die Dokumente auf EconStor dürfen zu eigenen wissenschaftlichen Zwecken und zum Privatgebrauch gespeichert und kopiert werden.

Sie dürfen die Dokumente nicht für öffentliche oder kommerzielle Zwecke vervielfältigen, öffentlich ausstellen, öffentlich zugänglich machen, vertreiben oder anderweitig nutzen.

Sofern die Verfasser die Dokumente unter Open-Content-Lizenzen (insbesondere CC-Lizenzen) zur Verfügung gestellt haben sollten, gelten abweichend von diesen Nutzungsbedingungen die in der dort genannten Lizenz gewährten Nutzungsrechte.

Terms of use:

Documents in EconStor may be saved and copied for your personal and scholarly purposes.

You are not to copy documents for public or commercial purposes, to exhibit the documents publicly, to make them publicly available on the internet, or to distribute or otherwise use the documents in public.

If the documents have been made available under an Open Content Licence (especially Creative Commons Licences), you may exercise further usage rights as specified in the indicated licence.

DEMOGRAFÍA, CONDICIÓN DE VIDA E BENESTAR. NOTAS PARA UN DEBATE

María Xosé Rodríguez Galdo. Universidade de Santiago de Compostela

Introdución.

A preocupación polas dinámicas demográficas acapara hoxe en día a atención dun amplo espectro de xente, o que non deixa de ser un feito relativamente novo. A conciencia de que a evolución da poboación, e da nosa base socioeconómica, condiciona no presente e no inmediato futuro o noso benestar estaba a propiciar, moi especialmente dende o ámbito académico da economía, o interese pola demografía, que se intensificaría coa irrupción da pandemia de Covid-19. A crise sanitaria incrementou a nosa percepción de que vivimos nunha comunidade interdependente e que a dinámica poboacional, a nivel global, interactúa con practicamente todas as dimensións da discusión pública sobre a pandemia e dá forma á proxección do que sexa que estea por vir. Non sorprende así, dada a súa dimensión sociosanitaria, que os debates científicos do momento entren necesariamente de cheo no campo da demografía, situada como está na intersección entre o biolóxico e o social. As circunstancias actuais esixen enfrontar a pandemia xunto co reto da xestión do cambio demográfico como recentemente se instaba no *Informe da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre os efectos do cambio demográfico* (Bruselas, 17.6.2020).

Nun contexto de disruptivas transformacións (agudizadas nestes dous últimos anos pola pandemia de covid-19), onde a incerteza da evolución da realidade socioeconómica é alta, cómpre repensarmos en que medida as dinámicas galegas poden analizarse, como tantas veces veu acontecendo, á marxe dos cambios globais e sen ter en conta as esixencias da propia análise demográfica. Precísase avanzar na prospectiva pero atendendo a que os ritmos da demografía non son os da economía. Se no eido da economía a adopción de medidas a curto e medio prazo e unha acaída planificación poden mostrar resultados satisfactorios, na medida en que permiten evitar ou acadar determinados resultados, na evolución demográfica,

polo contrario, o peso da inercia faina menos permeable a acción de políticas tendentes a reorientala.

Fronte ao peso desa inercia cómpre adoptar unha visión sistémica e dinámica, única perspectiva que dota aos cambios demográficos de sentido, e que a súa vez sexa unha visión superadora daquela concepción estreita que reduce o réxime demográfico á súa expresión meramente cuantitativa, asumindo que os aspectos cualitativos son tamén intrínsecos aos estudos de poboación e non cabe pensalos como externos á mesma. Admítese así que a análise dos comportamentos humanos esixe asumir o reto da súa complexidade. De aí que os estudos de poboación se orienten hoxe en maior medida a explicitar as interdependencias entre produción, reprodución e marco institucional pois todo o que incida sobre a organización social faino tamén sobre as variables demográficas, e a súa vez, todo o que afecta á dinámica e a estrutura da poboación influirá sobre a organización e a situación da reprodución social. Aspectos que constitúen o cerne do “metabolismo demográfico”.

A perspectiva do “metabolismo demográfico”, dende a súa primeira formulación por N. Ryder (1964)¹, un concepto tomado da bioloxía e da fisioloxía², fíxase no proceso de renovación ou substitución a través de incrementos e decrementos polos que unha poboación vai sendo modificada ao longo do tempo no seu tamaño e estrutura. Unha perspectiva de análise que facilita illar o que é o resultado directo de movementos e inercias demográficas provocadas por mecanismos ou forzas derivadas da propia estrutura e volume da poboación, antes que asignar os cambios a determinantes doutra natureza. Profundando nesta liña de “metabolismo social” hoxe salientase o factor estratéxico que constitúe a educación. No recente Proxecto europeo FUTURESOC (Forecasting Societies Adaptive Capacities to Climate Change) sinala o valor exponencial da educación para a demografía, a economía e a consecución de sociedades máis igualitarias. Cómpre insistir en que o obxectivo central do proxecto – como se sinala textualmente- constitúe a produción dunha síntese integral do estado de coñecemento sobre os impulsores da futura fecundidade, mortalidade, migración e educación e a súa tradución en proxeccións de escenarios por idade, sexo e nivel de educación para todos os países do mundo ata 2100³.

¹ “The cohort as a concept in the study of social change”, en *American Sociological Review*, 6(6)

² Na súa formulación máis básica o metabolismo fai referencia ao conxunto de reaccións químicas que teñen lugar nas células do corpo para converter os alimentos en enerxía

³ Máis de 550 expertos internacionais participaron neste proxecto. O volume resultante publicouno recentemente Oxford University Press baixo o título “Poboación mundial e capital humano no século XXI”.

As mudanzas demográficas en Galicia

En Galicia, como nas demais sociedades da nosa contorna, producíronse nos últimos anos unha serie de mudanzas, intrínsecas ao que se coñece como cambio demográfico, que se reflicten na estrutura e dinámica demográficas e implican, de seu, importantes consecuencias dende o punto de vista persoal, da sociedade, da economía, da política ou do medio ambiente. Algúns destes cambios foron de tal calado que reclaman actuacións e medidas tamén de impacto, se se pretende manter os niveis de benestar e de calidade de vida da poboación a medio e longo prazo.

Sinalemos antes a necesidade de situar a evolución demográfica galega nun contexto espacial máis amplo, como o español e europeo principalmente, sen esquecer como se insire en dinámicas mundiais. Decatémonos de que dende hai máis dun século e medio a lonxevidade humana está a aumentar a un ritmo de tres meses cada ano. Unha evolución tan extraordinariamente continuada, que precisou dunha notable extensión temporal, produciu, e segue a producir, unha profunda transformación no sistema reprodutivo humano. É ben sabido que a especie humana mantivera en decenas de miles de anos unha esperanza de vida ao nacer de entre 30 e 40 anos, explicable, en gran medida, pola alta mortalidade infantil e xuvenil. Poderíase dicir con F. Braudel que o que a vida aportaba enseguida a morte o levaba. Ou con outras verbas, nunha parte moi substantiva os nacementos estaban abocados a unha morte temperá. Esta elevada mortalidade facía necesaria unha alta fecundidade para poder garantir a substitución das poboacións adultas e, xa que logo, a reprodución da especie.

Compréndese así que o aumento da esperanza de vida nas proporcións sinaladas alterara en profundidade este escenario. Este proceso secular de alteracións tan profundas é o que se coñece como transición demográfica ou, para algúns autores, como revolución demográfica. Reparemos en que se está a contemplar un proceso de máis dun século, o tempo que separa en Galicia (se ben trátase dun fenómeno que, con distintos ritmos, se reproduce a escala mundial) unha esperanza de vida de 40,9 anos en 1900, cunhas taxas brutas de natalidade en torno ao 30 por mil a acadar, en 2019 segundo as últimas estimacións do IGE, unha esperanza de vida que supera amplamente os oitenta anos, 83,82 de media para ambos sexos (cunha notable diferenza á alza no caso das mulleres: 86,84 nas mulleres e 80,67 nos homes) e unha fecundidade inferior a 1,25.

O proceso de transición demográfica en Galicia garda gran paralelismo co sucedido noutras poboacións europeas, en especial da Europa do Sur, se ben con algunhas particularidades ben coñecidas. Así as dinámicas de mortalidade e natalidade non gardan a separación

característica doutras poboacións (pero non tanto da española no seu conxunto). Isto provocou unha contención do crecemento vexetativo, explicable en gran medida polo peso na estrutura de idades dos estruturais fluxos migratorios ao que cabe sumar que o baby boom foi máis modesto en Galicia. A modo de sinxelo resume temos que a inicios do século XX Galicia atopábase en pleno proceso transicional: a curva da mortalidade distanciarase da natalidade (cunha redución da primeira nun 25 por mil). Tendencia descendente da mortalidade que se continúa ata os anos sesenta do pasado século (coas únicas excepcións debidas a mortalidades catastróficas na gripe de 1918 e no período da Guerra Civil). Cómpre salientar que á importante e progresiva redución da mortalidade infantil (ata niveis moi baixos) engádese o feito de que a supervivencia segue a aumentar en idades avanzadas.

Entendese facilmente que tras século e medio de diminución da mortalidade a todas as idades e con esperanzas de vida que superan os 80 anos, as xeracións galegas foran adaptando, ao igual que noutras sociedades da nosa contorna, o seu esforzo reprodutivo a un escenario de alta supervivencia (de aí que se fale de eficiencia reprodutiva). Hoxe en día, o aumento do tempo de vida e a superposición de xeracións (pola diminución da mortalidade tamén nas idades adultas) xogan o papel que hai un século desempeñaba a alta natalidade no noso sistema reprodutivo. Se ben en Galicia, como no conxunto de España, o retroceso da mortalidade (das mortes evitables) -aínda tratándose dun proceso secular- debuxa nos últimos tempos unha forte aceleración, o que se traduce nunha prolongación da vida ata límites insospeitados hai poucas décadas. Proceso que a irrupción da covid 19 está a frear, esperase que de xeito conxuntural, como parecen apuntar os datos españois presentados polo INE, se ben non debe deixarse de considerar que parece previsible que a esperanza de vida se ralentice nos vindeiros trinta ou corenta anos debido a diminución radical da mortalidade infantil e xuvenil e polas limitacións biolóxicas.

Situar no centro os logros e éxitos que como sociedade significa ter acadado os actuais niveis de supervivencia non nos fai esquecer que unha sociedade lonxeva, como a nosa, que - cómpre insistir - conseguiu reducir ao mínimo os anos de maior capacidade produtiva perdidos por mortalidade non enfronte importantes retos, entre os que cómpre salientar a evolución da saúde e a redución das desigualdades na mortalidade e na saúde.

Desde o campo demográfico existe a preocupación por determinar o impacto da pandemia de Covid-19 sobre a fecundidade no coñecido contexto de morbilidade e mortalidade actual, cando ademais é sobradamente sabida a resposta da fecundidade aos shocks económicos, ao desemprego e, por outra parte, a influencia grande que se lle asigna ao clima de incerteza económica xerada pola pandemia. Non sorprende así que neste contexto se agarde no corto prazo un descenso da fecundidade. Un tema de

especial debate neste momento actual é a incidencia particular, a este respecto, do emprego temporal, que resulta máis negativo no caso das mulleres na hora de pensar nas opcións reprodutivas.


É de salientar que tras máis dun século de cambio as taxas brutas de mortalidade e fecundidade volven a situarse en magnitudes preto das de 1986. Momento que marca a finalización da transición demográfica en Galicia. Hoxe Galicia é unha poboación postransicional e está a vivir os efectos do que en demografía se coñece como a segunda transición demográfica que tenta explicar o cambio demográfico nas sociedades actuais con especial incidencia no sistema reprodutivo.

Reparemos en que a fin da transición demográfica significa tamén a fin do crecemento vexetativo. Xa non estamos ante poboacións crecentes en ausencia de migracións. Remata así un período de crecemento poboacional excepcional aínda que máis moderado en Galicia como reflicten ben os seguintes datos: 2.073.638 eran os habitantes en 1900. Unha poboación en aumento ata inicios dos anos 80 do pasado século (2.800.000), con discretas variacións despois ata situarse a 1 de xaneiro de 2020 en 2.701.819 habitantes.

Ficou apuntado como Galicia asiste ao fin do crecemento vexetativo desde un moi distante xa 1986. Nesta dirección, no informe elaborado polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica titulado *Galicia, perspectivas demográficas* (2018) pódese apreciar o papel dos fluxos migratorios exteriores á hora de determinar as variacións no crecemento real da poboación na nosa comunidade autónoma pois ao igual que está a suceder nas sociedades desenvolvidas, as dinámicas migratorias son o elemento fundamental, ante o cambio de modelo reprodutivo, na explicación do crecemento ou decrecemento da poboación.

Outra consecuencia da transición demográfica é o cambio na estrutura por idades da poboación. Unha poboación que para reproducirse a si mesma “precisa” menos nacementos, porque a xeneralidade dos seres nados sobreviven durante longas traxectorias de vida, convértese loxicamente nunha poboación con menos menores e máis persoas de máis idade. A comparativa das pirámides de 1900 e de tempos máis actuais dan boa conta destes cambios.

Gráfico II.1.20. Pirámide de poboación de Galicia, ano 1900



Pirámide de poboación. Galicia. 2020.





Gráfico II.1.12. Poboación galega por grandes grupos de idade



Fonte: IGE.

Pero non só as poboacións postransicionais están compostas por máis persoas de máis idade, se non tamén de máis idades. A prolongación da traxectoria de vida xerou novas idades e non só ao final da vida. Persoas nonaxenarias e centenarias son as poboacións que están a rexistrar un maior crecemento na actualidade, pero o aumento na duración da vida provoca o retraso de moitas transicións no curso de vida e a creación de novas idades. Entre a infancia e a idade adulta fíxose a súa aparición a adolescencia; o mocidade estase a prolongar; distínguense novas etapas entre o grupo de maiores. Somos, en definitiva, sociedades máis plurais dende o punto de vista etáreo.

A opción por unha incorporación máis ampla da perspectiva demográfica permitiría afacerse con maior fondura á “complexidade” que nos afecta, cando se sabe que a evolución demográfica recente propiciou unha notable mellora do capital humano, aumentou a proporción de persoas en posesión de historiais amplos de cotización, aforro e acumulación de patrimonio, propiciou aumentos extraordinarios da produtividade do traballo, ampliado as clases medias..., e todo isto nun contexto de redución do número de nacementos pero con unha infancia moito mellor “coidada e dotada” que a de xeracións precedentes. A “democratización da supervivencia” (entendida como que a maior parte das persoas nadas podan acadar os 65 anos vividos) non só aumenta o peso das persoas maiores. A “democratización das vidas completas” está a permitir poder desenvolver todos os roles previos no ciclo vital, acadar a idade adulta e ter a opción de procrear.

Penetrarmos na complexidade dos fenómenos demográficos, que teñen no seu centro sempre ás persoas, fai obrigado adoptar unha perspectiva sistémica como se anotaba nas páxinas iniciais. Unha perspectiva que incorpora modelos demográficos que entenden e explican os cambios dos tempos actuais e onde a análise dinámica das relacións devén moito máis importante que o estudo individualizado dos distintos elementos, cuxas verdadeiras propiedades tan só poden desvelarse a través da súa función no conxunto do sistema.

No citado traballo do Observatorio de Dinamización Demográfica explicábase que Galicia, como o conxunto de España, completou hai décadas o seu proceso de transición demográfica e está inmersa na serie de transformacións características da segunda transición demográfica ligadas, como sabemos, ao incremento da mobilidade e a importantes cambios sociais, económicos e de valores, que entrañan unha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e familiares. Procesos que se están a vivir cunha inusitada rapidez.

Conclusión

Nesta perspectiva de análise adquiren especial relevancia todos aqueles aspectos relacionados cos mecanismos de “mellora reprodutiva” e co seu papel na modernización social e demográfica. Estase a falar así de roles de xénero, estruturas familiares, seguridade ante a morte, aumento do capital humano, produtividade do traballo, relacións interxeracionais, etc. Saliéntase polo tanto, ademais dos factores económicos ou do crecente nivel educativo feminino, outros que se sitúan no campo cultural e que están a subverter normas e crenzas ata hai ben pouco de grande arraigo no corpo social. Mudanzas nas formas de vida que se vinculan cos cambios na prosperidade e seguridade persoal proporcionadas polo proceso de modernización social e económica e o desenvolvemento dos estados do benestar.

Nunha conxuntura, que esixe enfrontar a pandemia xunto co reto da xestión do cambio demográfico, precisase máis que nunca ir máis alá da mera descrición, nun momento dado, do comportamento das variables vitais, e penetrar así no que constitúe o obxectivo central da análise demográfica: a explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo, que se autorreproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos subordinando, cando non excluindo, unha compoñente fundamental como o é o tempo de vida.

Decatémonos de que o tempo de vida das persoas é o que constitúe o cerne da demografía. Un tempo que discorre en torno ao momento en que se suceden dous acontecementos

elementais na vida humana, o nacemento e a morte e o momento histórico en que se producen. Pór o acento no tempo de vida lévanos directamente á observación do que se enfatiza no *Informe UE* cando salienta que “o cambio demográfico incumbe ás persoas e ás súas vidas. Incumbe ao que facemos, a como traballamos e ao que denominamos o noso fogar. Incumbe ás nosas comunidades e á forma en que vivimos xuntos. Incumbe ao feito de axuntar a variedade de persoas e de contornas que enriquecen e configuran as nosas sociedades, fannos máis fortes e converten en realidade o lema da UE Unida na diversidade. Isto é máis necesario que nunca. A medida que imos saíndo amodo e con prudencia do confinamento imposto en toda Europa, a situación puxo de relevo a *importancia de comprender e abordar os efectos do cambio demográfico na nosa sociedade. Este labor terá que terse en conta á hora de emprender a recuperación de Europa e de extraer as leccións pertinentes, xa sexa, entre outros moitos aspectos, na dimensión social e económica ou na saúde e nos coidados de longa duración*⁴. Nas últimas semanas e meses, o vínculo entre estruturas demográficas, por unha banda, e efectos da crise e potencial de recuperación, por outro, quedou patente de maneira moi acusada e a miúdo dolorosa”.

En verbas plasmadas no *Informe* da Comisión Europea “a xestión dos efectos do cambio demográfico a longo prazo ten múltiples facetas: como xestionamos a nosa sanidade pública, os nosos orzamentos públicos ou a nosa vida pública, pero tamén como abordamos problemas como a soidade, os coidados na comunidade e o acceso a servizos vitais. Facer fronte a estes problemas será importante para o éxito da recuperación e determinará a velocidade e o alcance da reconstrución da nosa vida cotiá, as nosas redes sociais e a nosa economía. A máis longo prazo, preséntase ante Europa a oportunidade de construír unha sociedade máis xusta e máis resiliente”.

O cambio poboacional enfronta ás nosas sociedades con grandes retos, pero ningún difícil de solucionar se se habilitan os instrumentos de análise e de acción oportunos, proseguindo na liña de traballo ensaiada nos devanditos documentos anteriores e esbozada en actuacións do Fondo de Poboación das Nacións Unidas, en documentos da UE e en outros de ámbito español ou ao nivel das CC.AA.

Non se está a falar de cambios demográficos “novos”, pero si de que “a diferenza nas nosas vidas- e son verbas da Comisión europea- estase deixando sentir de maneira máis aguda”. Compre irse preparando para abordarmos este cambio o que será aínda máis importante cando o mundo, Europa e cada unha das rexións comunitarias “inicien -lembra a UE no seu citado informe- inicien o seu camiño cara a recuperación. Manter o centro de atención na

⁴ Non salientado no orixinal

dobre transición ecolóxica e dixital ha contribuír a aportar moitas das solucións innovadoras e sostibles que precisamos para facerlle fronte aos efectos do cambio demográfico”.